

A crise da Restauración borbónica (1902-1931)


Por que tras o desastre do 98, o sistema da Restauración conseguiu perdurar durante o primeiro terzo do século XX?

Introdución

- O reinado de Afonso XIII coincidiu coa longa crise e o colapso final do sistema da Restauración
- Á incapacidade do sistema para ampliar a súa base social uníronse outros **problemas**:
 - As consecuencias do desastre do 98
 - A división e fragmentación dos partidos da quenda
 - O paulatino incremento da oposición
 - A guerra en Marrocos
 - A crecente conflitividade social
- Aínda que o sistema da Restauración sobreviviu ás **crises de 1909, 1917 e 1921**
 - O apoio do rei Afonso XIII ao **pronunciamento do xeneral Primo de Rivera en 1923** supuxo a fin da súa etapa constitucional
 - Se ben a monarquía logrou manterse ata 1931







Inocencio Medina Vera: Actualidade palpitante. Un banquete electoral, 1905

1.- O reformismo dinástico


- 1.1.- A maioría de idade de Afonso XIII
- 1.2.- As opcións do reformismo
- 1.3.- O reformismo conservador
- 1.4.- O reformismo liberal

1.1.- A maioría de idade de Afonso XIII (1)

- O primeiro terzo do século XX en España
 - Coincidiu coa maioría de idade do rei Afonso XIII (1902-1931)
 - Estivo marcada pola **crise definitiva do sistema da Restauración**
- Do mesmo xeito que noutros países europeos, en España houbo intentos por parte do Goberno para
 - Modernizar o país
 - Establecer un sistema político máis democrático e representativo
- **Os proxectos reformistas**, cuxa necesidade se fixo máis evidente tras a crise de 1898, **acabaron fracasando** por
 - As resistencias internas do propio sistema
 - Non cuestionar o fondo do réxime da Restauración
- En conxunto, o primeiro terzo do século XX en España caracterizouse polos seguintes aspectos:
- **Substitución xeracional no liderado dos partidos:**
 - Cánovas fora asasinado en 1897
 - Castelar morreu en 1899
 - Pi i Margall, en 1901
 - Sagasta, en 1903
 - As pugnas e divisións internas entre os partidos da quenda provocaron
 - Unha crecente inestabilidade política
 - **Constantes cambios de goberno**

1.1.- A maioría de idade de Afonso XIII (2)

- **Insuficiente e moi desigual industrialización do país**
 - Presentaba importantes desequilibrios rexionais
 - Iso xerou
 - Grandes desigualdades sociais
 - **Aumento da conflitividade social**
 - Enfraquecemento do caciquismo nas zonas que rexistraron
 - Unha expansión industrial
 - Aumento da poboación urbana
- **Incremento e desenvolvemento da oposición política e social ao sistema**
 - Republicanismo
 - Nacionalismo
 - Movemento obreiro
- **Intervencionismo de Afonso XIII na vida política e nas crises de goberno**
 - Isto incrementou o seu desprestixio como rei constitucional
 - Debilitou institucionalmente á monarquía
- **Reaparición do intervencionismo do exército na vida política**
 - Intensificouse coa guerra de Marrocos entre 1909 e 1925



▼
Manuel FERNÁNDEZ CARPIO: Afonso XIII xura a Constitución de 1876 no Congreso dos deputados o 17 de maio de 1902.

Este ano encargareime das rendas do Estado, acto de suma transcendencia tal e como están as cousas, porque de min depende se ha de quedar en España a monarquía borbónica ou a República (...). Eu podo ser un rei que se encha de gloria rexenerando a patria (...). Eu espero reinar en España como rei xusto. Espero ao mesmo tempo rexenerar a patria e facela, se non poderosa, polo menos buscada como aliada.

Diario de Alfonso XIII, 1 de xaneiro de 1902.


O talante do novo monarca

- Tras breves palabras de saudación de Sagasta, ditas con voz apagada, reveladoras da súa fatiga, o rei (no seu primeiro Consello de Ministros), como se na súa vida non fixese outra cousa que presidir ministros, con gran desenvoltura, dirixíndose ao da Guerra en ton imperativo, someteuno a detido interrogatorio acerca das causas motivadoras do pechamento das Academias Militares (...).
- Despois de breve pausa, o monarca, tomando na súa man a Constitución, leu o caso oitavo do artigo 54, e a maneira de comentario dixo: “Como vostedes acaban de escoitar, a Constitución confíreme a concesión de honores, títulos e grandezas; por iso advírtolles que o uso deste dereito mo reservo por completo”. Gran sorpresa producíronnos estas palabras. O Duque de Vergara, herdeiro dos máis ilustres brasóns da nobreza española e de espírito liberal probado, opuxo ás palabras do rei sinxela réplica; pedíndolle a súa venia, leu o parágrafo segundo do artigo 49, que di: “Ningún mandato do rei pode levarse a efecto se non está referendado por un ministro”.
- **Conde de Romanones. Notas dunha vida 1901-1912. 1945**



1.2.- As opcións do reformismo (1)

- Os primeiros anos do reinado de Afonso XIII estiveron marcados polos intentos de reforma ou **rexeneración**
 - Promovidos por quen clamaban por unha renovación moral da vida social e política
 - Que acabase co caciquismo e o falseamento electoral
 - Dende dentro e fóra do Goberno
- Dentro das correntes reformistas ou rexeneracionistas poden diferenciarse varias **tendencias**:
- **Dende o propio sistema da Restauración**
 - Tivo grande importancia ata 1912
 - Baseábase na crítica dos aspectos máis visibles e negativos da vida política: a fraude e a manipulación electoral
 - Destacaron **Francisco Silvela** e **Antonio Maura**, por parte do Partido Conservador
 - **José Canalejas**, por parte do Partido Liberal
 - Todos eles trataban de facer unha **revolución dende arriba**, dende o poder
 - Para evitar que se producise unha revolución dende abaixo



DOC.2 Maura guinda actas de deputado desde o alto do edificio de Gobernación (*desde arriba*), caricatura de 1907.

1. Que satiriza a caricatura? Cres que o seu autor é partidario de Maura?

1.2.- As opcións do reformismo (2)

- **Dende os partidos marxidados do sistema**
 - O sentimento de non ter sabido aproveitar a crise do 98 para poñer fin á hexemonía dos partidos dinásticos
 - Colocou as forzas da oposición ante a necesidade de renovar profundamente os seus idearios, as súas organizacións e os seus dirixentes
 - O seu obxectivo era **mobilizar a opinión pública** para desbancar definitivamente os partidos da quenda
- **Dende o rexeneracionismo intelectual e literario**
 - Os seus principais representantes foron Unamuno, Ganivet, Maeztu, Ortega y Gasset...
 - **Reflexionaron sobre a decadencia de España** e a necesidade de rexeneración
 - Joaquín Costa propoñía reformas económicas e educativas para modernizar a sociedade

Os dous partidos que pactaron para alternar pacificamente no poder son dúas mandas de homes que *non aspiran máis que a pastar no orzamento*. Carecen de ideais, ningún fin elevado os move; non mellorarán no máis mínimo as condicións de vida desta infeliz raza, pobrísima e analfabeta. Pasarán uns tras doutros deixando todo como se acha, e levarán a España a un estado de consunción que, de fixo, ha de acabar en morte.

Non acometerán nin o problema relixioso, nin o económico, nin o educativo; non farán máis que burocracia pura, caciquismo, estéril traballo de recomendacións, favores aos amigotes, legislar sen ningunha eficacia práctica (...). Se nada se pode agardar das turbas monárquicas, tampouco debemos ter fe na grea revolucionaria (...). Non creo nin nos revolucionarios de novo cuño nin nos antediluvianos (...). A España que aspira a un cambio radical e violento da política está a quedar, segundo eu entendo, tan anémica como a outra.

Benito PÉREZ GALDÓS: *A fe nacional e outros escritos sobre España*, 1912.

2. Que críticas fai Galdós ao sistema político da Restauración? Comenta a frase en cursiva.

**DOC.4 PORCENTAXE DE ESCANOS
NO CONGRESO DOS DEPUTADOS**

Anos electorais	Partidos dinásticos		Partidos da oposición
	Partido Conservador	Partido Liberal	
1903	59,5	25,3	15,2
1905	30,2	56,5	13,1
1907	62,3	19,3	18,4
1910	25,2	54,2	17,3
1914	52,4	29,6	16,3
1916	27,6	56,2	15,1
1918	37,9	40,8	21,3
1919	49,3	32,5	16,9
1920	56,7	25,1	16,7

3. Cos datos da táboa, valora se as reformas da Lei Electoral conseguiron modificar substancialmente a alternancia no poder dos partidos dinásticos.

1.3.- O reformismo conservador (1)

- O primeiro intento modernizador foron as tentativas rexeneracionistas que encabezou dende o goberno **Francisco Silvela**
 - Foi o sucesor de Cánovas á fronte do Partido Conservador, entre 1899 e 1903
 - Tras o seu fracaso, ao non lograr vencer os grandes obstáculos e intereses existentes incluso dentro do seu propio partido
 - Abandonou a política
 - Deixou paso a un novo líder conservador, **Antonio Maura**
- Dende o Goberno, Maura
 - Intentou rexenerar o sistema a partir da formación dunha nova clase política
 - Que tivese o apoio social das chamadas **masas neutras**, indiferentes ata entón á participación política
- Coa súa axuda pretendía
 - Configurar un Estado forte e capaz
 - Desbancar a vella caste caciquil
 - Impedir un excesivo protagonismo das clases populares
- O seu proxecto pretendía poñerlle fin ao caciquismo con
 - A **Lei de Administración Local**
 - A **Lei Electoral de 1907**
- A reforma electoral foi moi superficial
 - Só estableceu o voto obrigatorio e mais controis sobre as xuntas electorais
 - Porén, ao introducir a elección automática daqueles que foran candidatos únicos nun distrito, acabou favorecendo o caciquismo
 - Lograba a elección do candidato previsto simplemente evitando que tivese rivais

O reformismo rexeneracionista

- Parecería traballo pueril, ante a magnitude aterradora da catástrofe, enumerar unha por unha as novidades que hai que introducir na gobernación do Estado para curar os males que a Patria padece e evitar que se repitan (...). Hai que elevar a cultura do país (...). Hai que organizar os Tribunais de xeito que entre eles e a conciencia popular se restableza aquela confianza que os desaforos da política lles arrebatara. Hai que restaurar a Facenda (...) facendo efectivo o principio de proporcionalidade nas cargas (...). E hai, sobre todo, que purificar a nosa administración e destruír sen compaixón e sen descanso ese afrontoso caciquismo do que me dá noxo falar (...).
- **Manifesto do xeneral Polavieja, 1 de setembro de 1898.**
- **Sintetiza as reformas que lle parecían indispensables ao xeneral Polavieja**

1.3.- O reformismo conservador (2)

- O proxecto reformista tamén pretendía **integrar o catalanismo** a partir de
 - A concesión dunha maior autonomía a concellos e deputacións
 - O recoñecemento das rexións
- Doutra banda
 - Adoptáronse **medidas proteccionistas** para impulsar a actividade industrial española
 - **Mellorouse a lexislación laboral** con
 - A Lei protectora de accidentes de traballo
 - A Lei sobre as condicións de traballo de mulleres e nenos
 - A Lei do descanso dominical
 - A Lei de folgas
 - Creouse o **Instituto Nacional de Previsión** en 1908
- Finalmente, o Goberno impulsou unha activa política exterior
 - Na que se aceptaba que España interviñese en Marrocos
- A fin da súa principal etapa á fronte do Goberno precipitouse por
 - O talante autoritario de Maura
 - A súa falta de entendemento co Partido Liberal
 - Sobre todo, a dura represión da Semana Tráxica en 1909

Non faría nada, absolutamente nada, que puidese traducirse como acción ou atropelo da lei. As listas de candidatos non rezan comigo (...).

Eu non redactarei nin admitirei encadramentos de ningunha clase (...). As eleccións gáñanse nos colexios electorais cos votos dos cidadáns e non nos despachos coas fraudes electorais. *E se se perden, que se perdan.*

Declaracións de Antonio Maura, abril de 1903.

1.4.- O reformismo liberal (1)

- O Partido Liberal, baixo liderado de **José Canalejas**,
 - Tamén intentou levar a cabo o seu **programa rexeneracionista**
 - Canalejas representaba a tendencia máis esquerdista do partido
- A súa acción de goberno, entre 1910 e 1912, propúxose atraer certos sectores populares a partir de
 - Un maior reformismo social
 - Limitar o poder da Igrexa
- Canalejas expuxo a separación da Igrexa e do Estado
 - Promoveu a denominada **Lei do Cadeado**
 - Prohibía temporalmente a implantación de novas ordes relixiosas en España
- Como resposta ás reivindicacións rexionalistas e nacionalistas
 - O seu goberno elaborou o proxecto de **Lei de Mancomunidades**
 - Permitía que varias deputacións provinciais se unisen para a xestión de servizos públicos
 - Esta lei foi aprobada en 1914 polo goberno de Dato

Artigo único: Non se establecerán novas asociacións pertencentes a ordes ou congregacións relixiosas canonicamente recoñecidas, sen a autorización do Ministerio de Graza e Xustiza consignada en real decreto, que se publicará na *Gaceta de Madrid*.

Non se concederá a devandita autorización cando máis da terceira parte dos individuos que teñan que formar a nova asociación sexan estranxeiros. Se no prazo de dous anos non se publica a nova Lei de Asociacións, quedará sen efecto a presente lei (...).

Gaceta de Madrid, 28 de decembro de 1910.

4. En que consistía a Lei do Cadeado? Por que recibiu este nome? Cal era o seu obxectivo?



▶ Afonso XIII con Canalejas, 1912.

1.4.- O reformismo liberal (2)

- O goberno de Canalejas reformou o **sistema impositivo**
 - Coa substitución do imposto de consumos por un **imposto progresivo sobre as rendas urbanas**
 - Isto provocou a protesta das clases acomodadas
- Por outra banda, a reforma da **Lei do Recrutamento** en 1912
 - Establecía que o enrolamento pasaba a ser obrigatorio en tempos de guerra
 - Quedaba suprimida a redención en metálico
- Tamén contratou unha serie de leis encamiñadas a mellorar as **condicións laborais**
 - Normativas sobre o traballo da muller
 - Normativas sobre os contratos
- Pola contra, Canalejas mostrouse inflexible ante as folgas e os conflitos laborais de 1911 e 1912
 - Foron reprimidos militarmente
- O seu **asasinato nun atentado anarquista** en 1912
 - Marcou a fin da etapa rexeneracionista promovida dende o propio sistema
 - A partir daquela agravouse a crise dos partidos da quenda
 - Tanto polas divisións internas como pola falta de entendemento entre ambos

A reaparición do intervencionismo do exército na vida política

- O crecente papel do exército na vida política, en defensa dos seus intereses corporativos e dende posturas cada vez máis conservadoras e autoritarias foi un factor que contribuíu á crise do sistema da Restauración.
- En 1905, o goberno non se atreveu a castigar uns oficiais da gornición de Barcelona que asaltaron varias redaccións de prensa (a revista satírica Cu-Cut, o xornal La Veu de Catalunya) nas que se defendía o catalanismo e criticaba ao exército.
- Deste modo, o poder militar impúxose ao poder civil ao conseguir, co consentimento do rei, a aprobación da nova Lei de Xurisdicións de 1906 pola que se sometía a código militar o xuízo de delitos de opinión e obra contra a unidade da patria e contra o exército.
- O cambio na mentalidade da clase militar era claro: de apoiar coas súas accións unha ou outra facción política liberal ao longo do século XIX, pasaron á defensa dos seus intereses corporativos e a considerarse os salvadores da patria e da unidade nacional.
- Esta reaparición do intervencionismo do exército na vida política intensificouse coa guerra de Marrocos (1909-1925)

A tutela militar da vida política

- “Aos separatistas cataláns dilles que xa rematou a época das contemplacións; que de hoxe en diante non se poderá berrar “¡Morra España!” sen que quen o berre saiba que é perigosísimo o berrallo. Aos gobernos dilles que tamén pasou a época en que poidan amosárense débiles; que é preciso arrincar de raíz a semente separatista custe o que custe. E ás Cortes dilles así mesmo que se por imprevisión dos lexisladores non hai leis contra o separatismo, as fagan axiña, porque entrementres o Exército aplicará a lei suprema, a que dita o seu inquebrantable amor a España unha e intanxible”.
- **Artigo publicado na revista El Ejército Español en 1905**



AL FRONTÓN CONDAL

- ¿Qué se celebra aquí, que hay tanta gente?
- El Banquet de la Victoria.
- ¿De la victoria? Ah, vaya, serán paisanos.

Lei de Xurisdiccións

- “DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España:
- A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte:
- [...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. E coa de arresto maior nos seus graos medio e máximo a prisión correccional no seu grao mínimo os que [...] instigaren directamente á insubordinación en institutos armados ou a apartarse do cumprimento dos seus deberes militares a persoas que sirvan ou estean listas a servir nas forzas nacionais de terra ou mar [...]”
- **Lei de Xurisdiccións, Gaceta de Madrid, 24 de abril de 1906**

2.- A oposición política

- A oposición á Restauración estivo representada, fundamentalmente, por
 - O republicanismo
 - O carlismo
 - O nacionalismo catalán e vasco
 - O movemento obreiro nas súas dúas tendencias
 - Anarquista
 - Socialista
- **A oposición non logrou participar no Goberno**
 - Nin artellar unha alternativa viable de goberno ata 1930
 - Unha vez esgotadas todas as posibilidades e opcións do propio réxime



Partidos	1903	1907	1910	1918	1923
Liberais	99	95	201	164	182
Conservadores	195	213	118	148	125
Carlistas	8	17	12	11	1
Republicanos	31	30	39	20	18
PSOE	–	–	1	6	7
Nacionalistas	5	15	12	30	21
Demócratas e reformistas	–	–	1	11	21
Outros	63	29	18	8	31

2.1.- O republicanismo (1)

- **O republicanismo era o principal grupo da oposición política**
 - Constituía a minoría parlamentaria de oposición máis numerosa
- **A súa forza era notable nas zonas urbanas**, onde
 - O voto podía expresarse con maior liberdade
 - A influencia caciquil era moito máis reducida
- Co novo século produciuse unha evolución do republicanismo histórico
 - No que perderon protagonismo os partidos e os líderes hexemónicos do período anterior
 - Este novo republicanismo caracterizouse por ser un amplo movemento social, de carácter reformista
 - Agrupou sectores da burguesía librepensadora e amplas capas das clases populares
- En 1903, coa finalidade de dar unidade ao republicanismo, naceu **Unión Republicana**
 - Coalición que intentaba agrupar os diferentes grupos republicanos ao redor de **Nicolás Salmerón**
 - Nas eleccións de 1903 e 1905, a Unión Republicana obtivo o triunfo nalgúns cidades como Madrid, Barcelona e Valencia
- O seu programa incluía
 - A restauración da Constitución de 1869
 - A proclamación da República
 - A convocatoria de Cortes Constituíntes
- O achegamento entre Unión Republicana e o catalanismo deu lugar, a partir de 1908, a
 - A fundación do **Partido Republicano Radical**, liderado por **Alejandro Lerroux**
 - Contou cun importante apoio social e electoral en Barcelona
 - O partido presentaba un discurso anticatalanista, profundamente demagóxico, anticlerical e supostamente revolucionario
 - Logrou influír en amplos sectores das clases populares barcelonesas

Mozos bárbaros de hoxe, entrade a saco na civilización decadente, miserable deste país, destruíde os seus templos, acabade cos seus deuses, alzade o veo das novicias e elevádeas á categoría de nais para virilizar a especie, penetrade nos rexistros da propiedade e facede fogueiras cos seus papeis para que o lume purifique a infame organización social, entrade nos fogares humildes e erguede lexións de proletarios (...)

Escola e despensa, dicía o máis grande patriota español, don Joaquín Costa. Para crear a escola hai que derrubar a Igrexa ou sequera pechala, ou polo menos reducila a condicións de inferioridade. Para encher a despensa hai que crear o traballador e organizar o traballo.

A toda esta obra xigante opóñense a tradición, a rutina, os dereitos creados, os intereses conservadores, o caciquismo, o clericalismo, a man morta, o centralismo e a estúpida contextura de partidos.

A. LERROUX: *Rebeldes, rebeldes*, 1906.

Caricatura de Lerroux,
revista *Cu-Cut*, 1909. ◀



1. Extrae os principais elementos da ideoloxía de Lerroux. Sinala algunhas frases que evidencien a súa retórica demagóxica e radical.
2. Por que cres que conseguiu tantos seguidores entre as clases populares?

2.1.- O republicanismo (2)

- Cara a 1910, despois da Semana Tráxica
 - Perdeu boa parte da súa influencia
 - Moderou o seu discurso e o seu ideario
 - Trasládouse a Madrid
- En Valencia, Vicente Blasco Ibáñez impulsou o **blasquismo**
 - Era un movemento populista e anticlerical que presentaba notables semellanzas co lerrouxismo
- Como resposta á represión que o Goberno levou a cabo tras a Semana Tráxica
 - En 1909 constituíse a **Conxunción Republicano-Socialista**
 - Integrábanse diversos grupos republicanos e o Partido Socialista Obrero Español, PSOE
 - Nas eleccións de 1910, esta alianza obtivo 27 escanos
 - Gañou en Madrid, Barcelona e Valencia
- En 1912, **Melquíades Álvarez** fundou o **Partido Reformista**
 - Declarábase republicano
 - Tiña nas súas filas a intelectuais como **José Ortega y Gasset** e **Manuel Azaña**
 - Pretendía abandonar o vello radicalismo republicano para ofrecer un programa baseado na democratización profunda da vida política
 - Aínda que tivo certa influencia entre a intelectualidade, non conseguiu unha implantación efectiva nin entre as clases medias nin entre os traballadores

2.2.- Do carlismo ao tradicionalismo

- Nos inicios do século XX, o carlismo mantivo
 - A súa presenza
 - As súas bases
- En 1909 morreu o pretendente ao trono Carlos María de Borbón
 - Sucedeuno o seu fillo Xaime
 - Co que o movemento tamén se denominou **xaimismo**
 - As disputas e disidencias no seo do partido durante a xefatura de **don Xaime** foron frecuentes
- A máis importante produciuse por mor da Primeira Guerra Mundial
 - Cando un sector contrario ao apoio oficial aos aliados
 - Manifestou xermanófilo o seu líder **Juan Vázquez de Mella**
 - Abandonou a militancia
 - Fundou o **Partido Tradicionalista** en 1919
- As bases militantes do integrismo de Ramón Nocedal e do carlismo
 - Concentrábanse en Navarra, País Vasco e Cataluña
 - Pero tamén se desenvolveron en Andalucía (Sevilla e Huelva) e outras rexións
- Integristas e carlistas
 - Aceptaron a participación electoral
 - Sempre dispuxeron de representación no Congreso
- Coa chegada da República en 1931
 - Conseguiron **reunificarse nun só partido** os tres grupos: carlistas, integristas e tradicionalistas
 - Pasará a chamarse **Comuñón Tradicionalista**

Porque defender o parlamentarismo monárquico contra o parlamentarismo republicano sen apelar para nada á monarquía representativa tradicional é tarefa imposible, como o demostran evidentemente os doutores constitucionais cando, por medio dun vulgar sofisma, procuran facer da monarquía histórica e da revolucionaria unha mesma institución (...). Pero a verdade non tarda en abrirse paso (...) e conclúe por ser obxecto de mofa ou desprezo o sofisma, se leva a súa temeridade ata o punto de confundir nun (...) o principio e o ser da monarquía cristiá e da parlamentaría liberal. Sepáraas un abismo.

*Discurso de Juan Vázquez de Mella no Congreso,
17 de xuño de 1914.*

2.3.- A evolución dos nacionalismos catalán e vasco (1)

- Tras o desastre do 98
 - Incrementouse en Cataluña e o País Vasco a actividade dos partidos nacionalistas
 - Aumentaron
 - O seu arraigamento social
 - A súa influencia electoral
- En **Cataluña**, a vitoria nas eleccións municipais de 1905 da **Lliga Regionalista**, liderada por Prat de la Riba e Francesc Cambó
 - Alarmou o exército, que vía perigar a unidade do país
 - Os comentarios satíricos engadidos nalgúñas publicacións catalanistas deron lugar a que grupos de oficiais asaltasen e incendiasen varias imprentas e redaccións: **incidentes do Cu-Cut**
- O goberno liberal presidido por Segismundo Moret
 - Apoiou o exército
 - Promulgou a **Lei de Xurisdicións**
 - Establecía que os delitos contra a nación e o exército serían xulgados por tribunais militares
- Cataluña reaccionou coa formación dunha coalición electoral chamada **Solidaritat Catalana**
 - Incluía todas as forzas políticas catalás: Lliga Regionalista, Partido Republicano Federal, e parte de Unión Republicana
 - Quedaban fóra os partidos dinásticos e os lerrouxistas
 - A coalición conseguiu unha clara vitoria electoral en 1907, fronte aos partidos da quenda

A defensa da idea dun Estado catalán integrado nunha Federación Española

- “Consecuencia de toda a doutrina aquí exposta é a reivindicación dun Estado Catalán, en unión federativa cos estados das demais nacionalidades de España. Do feito da nacionalidade catalá nace o dereito á constitución dun Estado propio, o Estado Catalán. Do feito da unidade política de España, do feito da convivencia secular de distintos pobos, nace un elemento de unidade, de comunidade, que os pobos unidos deben manter e consolidar. De aquí un Estado composto”.
- **Prat de la Riba, La nacionalitat catalana, 1906**

2.3.- A evolución dos nacionalismos catalán e vasco (2)

- Durante os anos seguintes, o catalanismo moderado, representado pola Lliga
 - Alternou etapas de colaboración co Goberno
 - Con outros momentos de maior radicalización
- Entre 1914 e 1923, a Lliga
 - Controlou a **Mancomunidad de Cataluña**
 - Era un organismo administrativo que coordinaba o funcionamento dos municipios cataláns
- A guerra social desatada en Cataluña a partir de febreiro de 1919,
 - Polo enfrontamento entre a CNT e as forzas de orde pública
 - Fixo que a Lliga Regionalista dese prioridade á defensa da orde social fronte á reivindicación nacionalista
- Este cambio
 - Provocou a **radicalización** dalgúns sectores catalanistas
 - Deu lugar ao nacemento de novas formacións catalanistas como
 - **Acció Catalana**
 - **Estat Catalá**

Non son xustos e oféndennos sen razón os que din que Cataluña non está preparada, non está capacitada para a autonomía. Eu dígovos que o nacionalismo catalán é un feito biolóxico, que a autonomía é unha fórmula xurídica para resolvelo, e que fronte a un feito biolóxico collen, por parte do poder público, tres posicións: a de descoñecelo, a de combatelo ata intentar extirpalo e a de resolvelo mediante unha solución xurídica.

O poder catalán ten que ser absolutamente soberano para legislar, para rexer, e para manter o respecto ás súas decisións polos seus tribunais e pola forza pública.

Discurso de Francesc Cambó, 1918.

2.3.- A evolución dos nacionalismos catalán e vasco (3)

- No **País Vasco**, o **Partido Nacionalista Vasco** incrementou
 - A súa presenza electoral
 - A súa influencia na sociedade vasca
- En 1911, creou un sindicato nacionalista e católico: **Solidariedade de Traballadores Vascos**
- En 1916, o PNV pasou a denominarse temporalmente **Comuñón Nacionalista Vasca**
 - Co fin de atraer a burguesía ao campo nacionalista
 - Presentouse como un partido de orde e defensor da riqueza nacional
- Os seus primeiros éxitos electorais foron en 1917 e 1918
 - Cando por primeira vez se presentou a eleccións xerais
 - Logrou seis dos sete escanos de Biscaia
- Dende a morte de Arana convivían **dúas tendencias dentro do partido**:
 - Os partidarios de manter o pensamento independentista
 - Fronte aos máis moderados e autonomistas
 - En 1921 escindiuse o grupo máis independentista: **Aberri**
 - Uns e outros reagrupáronse en 1930 baixo a denominación tradicional de **Partido Nacionalista Vasco**
 - Aquel mesmo ano tamén se fundou un novo partido nacionalista de tendencia republicana: **Acción Nacionalista Vasca**

2.4.- A evolución do galeguismo, valencianismo, aragonesismo e andalucismo

- En **Galicia**, o primeiro paso cara á **transición do galeguismo cultural ao político** tivo lugar en 1916 coa creación na Coruña de
 - A **Irmandade da Fala**, que impulsou o uso do galego dende as súas varias sés
 - **A Nosa Terra**, que se converteu en
 - Portavoz do nacionalismo
 - Instrumento aglutinador e propagandístico de quen
 - Non se conformaba coa dimensión cultural do galeguismo
 - Aspiraba a convertelo nunha forza política
- En **Valencia**, o valencianismo adquiriu certa importancia a partir da creación de
 - A asociación **Valencia Nova** en 1904
 - O grupo **Joventut Valencianista** en 1908
- Foron os primeiros pasos cara á creación dun movemento político
 - Pero fracasou no intento de formar unha coalición de partidos seguindo o exemplo da Solidaritat Catalana
 - En 1918, o banqueiro Ignacio Villalonga fundou a **Unió Valencianista Regional**

A Mancomunidade galega

- Reunidos en Santiago o día 26 de marzo (de 1924) os representantes designados polas catro Deputacións provinciais de Galicia, acordan:
- Primeiro: Ratificar os acordos favorables á implantación da Mancomunidade das citadas provincias, xa adoptados polas respectivas Deputacións.
- Segundo: Declarar solemnemente establecida a unidade de acción das catro provincias de Galicia, que por medio das súas Deputacións representadas polos seus Presidentes elevarán a voz da Rexión ante os poderes do Estado para todo canto se refira aos seus comúns intereses morais e materiais.
- Terceiro: Acordan igualmente declarar de urxente conveniencia para a vida espiritual e económica de Galicia a formulación da citada Mancomunidade, que se deberá facer canto antes sexa promulgado o anuncio do Estatuto provincial e rexional (...).
- **Acta inédita da reunión**
- **Explica que era unha Mancomunidade?**
- **Por que non foi adiante esta iniciativa?**

O republicanismo autonomista

- Cego sería o que non vexa como o sentimento racial, que tantas veces fixo latexar xuntos os corazóns galegos, se está a transformar nunha conciencia colectiva. A personalidade de Galicia –idiomas, usos, caracteres, problemas–, defínese cada vez máis vigorosamente. (...) Queremos forxar unha Galicia grande e poderosa; pero non túzara e encrespada enfronte de España, senón plena de fraterna cordialidade cara ás demais rexións españolas. (...) Non só por amor á nosa terra, senón tamén por amor a España, quixéramos facer da nosa Galicia un emporio de riqueza e de cultura. Precisamente así, procurando cada rexión superarse e engrandecerse polo seu propio esforzo, é como poderemos chegar a crear unha España poderosa, e, irmanados con Portugal, poder conseguir que Iberia alce a súa nobre figura nos futuros Estados Unidos de Europa. (...) Por iso (...) é polo que somos estritamente federais e rigorosamente republicanos (...). Por iso estaremos sempre enfronte da ditadura. Doutrinal e practicamente somos inimigos dela. Inimigos francos e declarados. (...) Para nós non hai máis que unha normalidade posible: o goberno do pobo polo pobo; a vontade nacional, soberana; a conciencia colectiva e civil sendo a única dona de dispoñer os derroteiros nacionais; a República, en suma. (...)
- **ORGA, outubro de 1929**

2.4.- A evolución do galeguismo, valencianismo, aragonesismo e andalucismo

- En **Aragón**, o aragonesismo estaba impulsado polas iniciativas da burguesía universitaria, centrada principalmente en
 - Os problemas económicos de Aragón
 - A súa personalidade histórica
- En 1916 creouse a **Unión Regionalista Aragonesa** (URA)
 - Integrouse máis adiante na **Acción Regionalista de Aragón** de Juan Moneva Puyol
- Na década de 1920 xurdiu o **Proxecto de Bases para un Estatuto da rexión aragonesa dentro do Estado español** (1924)
- En **Andalucía**, o andalucismo empezou a forxarse ao redor de
 - O Ateneo de Sevilla
 - A publicación da revista Bética
- En 1916, **Blas Infante** fundou o primeiro **Centro Andaluz**, en Sevilla,
 - Coa intención de ser un órgano expresivo da realidade cultural e social de Andalucía
- Participou na **primeira asemblea rexionalista andaluza** celebrada en Ronda en 1918, que
 - Definiu os símbolos de Andalucía
 - Estableceu as bases do particularismo andaluz
 - Propuxo a autonomía
- Durante a Segunda República
 - O movemento andalucista abordou por primeira vez a redacción dun proxecto de estatuto de autonomía
 - Pero esta iniciativa logrou un escaso respaldo popular

"A terra andaluza para o xornaleiro andaluz". Repitámolo. Este ideal no centro; sen el, de nada serviría traballar polo cumprimento dos demais ideais. Non teremos espírito rexional, nin pobo, nin agricultura sen a base da terra. (...)

Que Andalucía non quede baleira cos andaluces que en sombría procesión de espectros van atormentados pola fame, lanzados pola inhospitalidade da súa propia rexión, a buscar amparo, pan e xustiza na estraña terra de afastados países.

Blas INFANTE: *Ideal andaluz*, 1915.

3. Analiza o compoñente social do rexionalismo de Blas Infante.

3.- O obreirismo: entre o anarquismo e o socialismo (1)

- O novo século comezou cun intenso ciclo de axitacións obreiras
 - Que foron aumentando ata 1911
 - Cando tivo lugar un intento de **folga xeral revolucionaria**
 - A maior incidencia do movemento de folga deuse en Cataluña, Valencia, Andalucía, Asturias, País Vasco e Madrid
- En 1910 o sindicato **Solidaridad Obrera** promoveu a fundación da **Confederación Nacional del Trabajo, CNT**, co fin de
 - Consolidar a difusión do anarquismo
 - Abarcar o conxunto do territorio español
- A CNT converteuse na principal organización obreira do país
 - En 1918, contaba con máis de 700 000 afiliados
 - Os seus principais líderes eran Salvador Seguí, Ángel Pestaña e Joan Peiró
 - Entre os anos 1911 e 1914, a CNT estivo prohibida e perseguida
- En 1919, tras o **Congreso de Sants** de Barcelona e o do Teatro da Comedia en Madrid, a CNT reafirmouse en
 - O apoliticismo
 - A negociación directa entre obreiros e empresarios
 - A acción directa, o que deu lugar ao incremento das accións violentas
- Entre 1919 e 1923 o anarquismo viviu, especialmente en Barcelona, uns anos de enfrontamentos coas forzas da orde pública: **época do pistoleirismo**

3.- O obreirismo: entre o anarquismo e o socialismo (2)

- Na primeira década do século XX, o **PSOE**
 - Foi abandonando paulatinamente o seu illamento político
 - Mostrouse partidario de establecer coalicións electorais cos republicanos
- En 1910, e grazas a esta coalición, o socialismo
 - Entrou no xogo parlamentario
 - A partir deste momento, coñeceu un notable incremento de
 - A súa forza electoral
 - A súa influencia na vida política
- Os seus principais líderes eran
 - **Pablo Iglesias**
 - **Julián Besteiro**
 - **Francisco Largo Caballero**, que estaba á fronte do sindicato socialista, a UGT
- A UGT contaba con 211 000 afiliados en 1919
- A partir de 1917, o PSOE viuse inmerso nun crecente **proceso de radicalización**
 - Que explica a súa participación nas folgas xerais convocadas aquel mesmo ano
 - Nesa época, o partido experimentou un importante debate interno ao redor das consecuencias da revolución soviética
- O seu **rexeitamento a integrarse na Internacional Comunista** promovida por Lenin provocou unha escisión en 1921
 - Que foi a orixe do **Partido Comunista de España, PCE**
 - Os seus líderes máis destacados foron **José Díaz** e mais **Dolores Ibárruri**



Mitin de Pablo Iglesias en Madrid

DOC.1 A CONFLITIVIDADE OBREIRA (1905-1919)

Anos	Obreiros en folga	Causas das folgas					Número de folgas	Resultados		
		A	B	C	D	E		1	2	3
1905-1909	90 672	299	85	149	31	11	575	186	94	295
1910-1914	227 940	435	110	193	34	9	779	256	211	314
1915-1919	486 577	896	62	129	17	-	1 104	334	513	257

- A. Salario e xornada laboral
- B. Organización do traballo
- C. Persoal e asociación obreira
- D. Solidariedade e dignidade obreira
- E. Outras causas

- 1. Gañadas totalmente
- 2. Gañadas parcialmente
- 3. Perdidas

Que evolución seguiu a conflictividade obreira a principios do século XX?

Cales eran os principais motivos das folgas?

Dar conexión aos sindicatos obreiros, unificándoos para unha acción común, contra os detentadores das riquezas acumuladas por obra do traballo; crealos nas rexións onde non existan; fomentar a creación de federacións locais, comarcais e rexionais cunha orientación revolucionaria, nos feitos e nas ideas, para asegurar o éxito nas loitas contra o capitalismo.

Deben agruparse todas estas organizacións nunha Confederación Nacional do Traballo integrada por todas as entidades convencidas dos bos resultados da nosa táctica: a non participación política, a acción directa revolucionaria, a folga e a loita de clases, sen intervención de árbitros oficiais ou extraoficiais, para que as dúas clases en guerra directamente arranxen os asuntos, que son da súa exclusiva competencia.

Manifesto de Solidaridad Obrera para o congreso fundacional da CNT, 1910.

Como e cando se fundou a CNT?

Cal era a súa ideoloxía?

Cales eran os seus obxectivos e tácticas segundo o texto?



Periódico Sindicalista
Órgano de las Sociedades Obreras

Redacción y Administración:
Merced, 19, principal - Barcelona

SECCIONES
España: La Coruña -
Barcelona - Valencia -

Número suelto 5 cts.

Congreso Obrero Nacional

El hecho glorioso en los anales del proletariado español puede calificarse: el Congreso Obrero Nacional, celebrado los días 10 y 11 de octubre y 1.º de noviembre, en el Palacio de Bellas Artes.

Tal decisión no existe, que el explotado de hoy, con plena conciencia de sus derechos sociales, lanza a el estado sus pequeños típicos y se encamina resuelto y decidido por el recto camino de su liberación, sin temerarle un bloque los anales de la historia.

Primera sesión

En el salón de Bellas Artes comenzó sus tareas el pasado domingo el Congreso Obrero Nacional, bajo la presidencia interina del Comandante de Solidaridad Obrero.

actas y la comisión de trabajo, las correspondientes a la Unión de Obreros Mecánicos y a los Obreros Tipógrafos, ambas de Barcelona, por considerarlo el primer día.

▼
Cabeceira do xornal *Solidaridad Obrera*, 1914.

Que simboliza o debuxo da cabeceira do xornal?



SOLIDARIDAD OBRERA

Revista de la Asociación de los Trabajadores de la Industria y el Comercio. Número 20. Precio: \$5.00. Año 1913.

Congreso Obrero Nacional

Se ha abierto en la noche del pasado miércoles en la ciudad de San Francisco el Congreso Obrero Nacional, organizado por la Asociación de los Trabajadores de la Industria y el Comercio.

El primer día de sesiones se dedicó a la discusión de los temas que se han planteado en el programa del Congreso.

Entre los temas que se han discutido se encuentran: la jornada de ocho horas, el seguro social, el salario mínimo, etc.

Se ha acordado que el Congreso se reunirá nuevamente en la ciudad de San Francisco el próximo año.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El segundo día de sesiones se dedicó a la discusión de los temas que se han planteado en el programa del Congreso.

Entre los temas que se han discutido se encuentran: la jornada de ocho horas, el seguro social, el salario mínimo, etc.

Se ha acordado que el Congreso se reunirá nuevamente en la ciudad de San Francisco el próximo año.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El tercer día de sesiones se dedicó a la discusión de los temas que se han planteado en el programa del Congreso.

Entre los temas que se han discutido se encuentran: la jornada de ocho horas, el seguro social, el salario mínimo, etc.

Se ha acordado que el Congreso se reunirá nuevamente en la ciudad de San Francisco el próximo año.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El cuarto día de sesiones se dedicó a la discusión de los temas que se han planteado en el programa del Congreso.

Entre los temas que se han discutido se encuentran: la jornada de ocho horas, el seguro social, el salario mínimo, etc.

Se ha acordado que el Congreso se reunirá nuevamente en la ciudad de San Francisco el próximo año.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.

El Congreso ha sido un éxito y se ha logrado que los obreros de toda la nación se reúnan para discutir sus problemas.



TRABAJO Y FORTUNA

El trabajo es la fuente de la fortuna. Sin trabajo no hay fortuna. El obrero debe trabajar para obtener su sustento y el bienestar de su familia.

BOICOT


El boicot es una forma de protesta que consiste en dejar de comprar o utilizar los productos de una empresa o país. Es una herramienta poderosa para exigir cambios.

BOICOT A "EL DILUVIO"

O sindicalismo anarquista

- A rebelión ha de existir, si; pero contra os burgueses, contra os capitalistas, que son os que escriben as leis. Eliminando o réptil, acábase co veneno. E esta rebelión ha de ser constante, diaria, intensa, e o mellor armamento é a asociación. Cada novo socio é un novo soldado no exército sindicalista. Cada nova asociación é unha nova trincheira defensora dos nosos dereitos. Cada nova federación, un novo baluarte onde se forman loitadores (...).
- Facede, xa que logo, sociedades, federacións e confederacións e esperade a loita: nela haberá caídos pero non vos paredes a recollelos, seguidе adelante (...).
- Tende en conta que nos habemos de preparar, non para unha loita de intereses. O século XX é o predestinado a abolir a escravitude moderna.
- **Carta do dirixente anarquista A. Bueno ao Congreso fundacional da CNT, 1911**

A EVOLUCIÓN DO PSOE (1888-1918)



Cifras oficiais. Partido Socialista Obrero Español.

O socialismo español debe mostrarse nas súas predicacións, no seu organismo e na súa acción como unha forza nacional progresiva, democrática e civilizadora. (...) Todos os días os grandes acontecementos europeos e mundiais, vitais para nós, porque parte da nación somos, únennos no pensamento e na acción cos republicanos.

Resolucións do X Congreso do PSOE, 1915.


Que evolución seguiu a militancia socialista?

Que alianzas lle permitiron ter representación no Parlamento?

A acción política do socialismo

- O Socialismo español debe amosarse nas súas predicacións, no seu organismo e na súa acción como unha forza nacional progresiva, democrática e civilizadora. **Non pode ser perturbación, porque é organización.** Sabe ben que nun medio social con vida económica miserable e civilización embrionaria non pode medrar nin servirse a si mesmo nin á sociedade en que vive, se non é coa máis santa das intencións e a máis evidente das impotencias. Neste camiño, e para facer nación, progreso, civilización e democracia, para facer socialismo, atopámonos cos republicanos. Todos os días os grandes acontecementos europeos e mundiais, vitais para nós, porque parte da nación somos, únennos no pensamento e na acción cos republicanos. A corrente republicana e a socialista, máis ampla esta e de canal aberto a un porvir ilimitado, son paralelas en moitos anacos do traxecto; e moitas veces converxentes. Coma nós, os socialistas, non converteremos en propósito deliberado este paralelismo, esta converxencia, esta conxunción natural coas forzas republicanas? (...)
- **Resolucións do X Congreso do PSOE, en El Socialista, 1915**
- **Sintetiza como se argumenta no texto a necesidade de que os socialistas entren en coalición cos republicanos**
- **Comenta o significado da frase en cursiva**

DOC.4 IMPLANTACIÓN DA UGT E DA CNT EN 1911



Onde tiñan máis forza os sindicatos obreiros anarquistas e socialistas?

3.5.- A época do pistoleirismo (1918-1923)

- En Barcelona, pero tamén noutras cidades como Bilbao, Zaragoza, Madrid ou Valencia
 - **Os conflitos obreiros dexeneraron nun activismo violento**
 - Algúns grupos anarquistas atentaron contra as autoridades, os patróns e as forzas da orde
- Asemade, os empresarios
 - Contrataron **pistoleiros a soldo** para atender contra os dirixentes obreiros
 - Crearon o **Sindicato Libre** para contrarrestar a forza cenetista
- Dende o Goberno civil
 - Encubríronse os pistoleiros da patronal
 - Exerceuse unha dura represión contra os sindicalistas
 - Púxose en práctica a denominada **Lei de Fugas**, que permitía disparar contra os detidos no caso de que intentasen fuxir

ASASINATOS EN BARCELONA POR MOTIVOS POLÍTICOS OU SOCIAIS (1916-1921)

Ano	Patróns	Xerentes, directores e encargados	Axentes da autoridade	Obreiros	Total
1916	–	1	–	1	2
1917	–	–	–	3	5
1918	4	3	–	6	13
1919	–	3	5	7	15
1920	8	4	1	26	39
1921	9	13	2	128	152
Total	23	24	8	171	226

J. TERMES: *De la Revolución de Setembre a la fi de la Guerra Civil (1868-1939)*, 1987

(tradución e adaptación).

Que foi o pistoleirismo? Que circunstancias o desencadearon? Cales foron as súas consecuencias?

Asasinatos por motivos políticos e sociais

Patróns	23
Xerentes, directores e encargados	24
Axentes da autoridade	8
Obreiros	171
TOTAL	226